



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN LABACA NO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE PARA MENORES DOS CENTROS CONCEPCIÓN ARENAL E CIEMA CORUÑA E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DOS MOZOS/AS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

## REUNIDOS

Dunha parte **Fabiola García Martínez**, Conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, a **Fundación Labaca**, con domicilio social na rúa Parrote, número 1, da Coruña e CIF G15068596, representada por don Abraham Piñeiro Rodríguez, con DNI 53161083X, xerente da dita fundación e en virtude das facultades que lle confire o poder notarial outorgado ante o notario da Coruña, don Jacobo Esteban Pérez Rama o día 10 de marzo do 2020, con número trescentos oitenta.

Ambas as dúas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

## EXPOÑEN

### PRIMEIRO

A Consellería de Política Social, través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica





da Consellería de Política Social, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM).

## SEGUNDO

O artigo 55 da LORPM, dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que a persoa menor internada é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.

## TERCEIRO

Que a Fundación Labaca, constituída en virtude de escritura pública outorgada o 21 de xuño de 1916, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1913/1 o 26 de febreiro de 2020 e no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-7325, transferida á Xunta de Galicia en virtude do Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación e adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, segundo consta na Orde do 12 de novembro de 2020, en relación coa orde de 12 do xuño de 2019 é unha organización constituída sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, ten afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolve principalmente as súas actividades e ten o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma.

## CUARTO

Que ambas as dúas partes consideran prioritaria a inserción social e laboral dos menores e mozos/as en situación de exclusión social a través da formación educativa como vehículo para a súa integración social, e están interesadas en cooperar no desenvolvemento deste programa destinado a promover a educación e a formación dos menores internos dos centros Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, como mecanismo de loita contra a exclusión e a apoiar aos mozos/as que, unha vez finalizado o cumprimento dunha medida de internamento en calquera destes centros inician a execución dunha medida non privativa de liberdade e residen na cidade da Coruña, co fin de favorecer a súa emancipación na súa transición cara á vida adulta.





## QUINTO

A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer a intervención que vén desenvolvendo a Fundación Labaca, co fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos menores e mozos/as dos centros Concepción Arenal e CIEMA da Coruña así como daqueles mozos/as que finalizan o cumprimento dunha medida de internamento en calquera destes centros, pasan a executar unha medida xudicial non privativa de liberdade, residen na cidade da Coruña e non contan cun soporte socio familiar axeitado.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto deste programa, resulta imposible promover a concorrència para a celebración deste convenio, sendo esta entidade a única que desenvolve unha actividade deste tipo e a única en manifestar interese en levar a cabo un programa en beneficio das persoas menores que cumpren unha medida xudicial.

Polo que, ambas partes deciden establecer un convenio de colaboración en base ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto**

Este convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Labaca, a través de escolas de segunda oportunidade, para facilitar o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral dos mozos/as, de idades comprendidas entre 16 e 25 anos, que se encontren cumprindo ou finalicen medidas xudiciais nos centros de Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

O programa da entidade non leva consigo a realización de actuacións referidas á execución das medidas xudiciais.

### **SEGUNDA. Beneficiarios da actividade**

Son beneficiarios das actividades do programa os mozos/as que se encontren en situación de cumprimento de medidas de internamento no centro de reeducación Concepción Arenal e cumprimento de medidas no CIEMA da Coruña e se incorporen á actividade da fundación.





Así mesmo, son beneficiarios do programa, aqueles mozos/as entre 16 e 25 anos, sometidos á Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, desinternados dos centros de reeducación Concepción Arenal e CIEMA da Coruña que unha vez finalizado o internamento inician o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade contemplada non artigo 7 da LORPM residan na cidade da Coruña, están desempeñando algunha actividade laboral ou formativa, e non contan con un soporte familiar, ou o seu entorno socio familiar de referencia é prexudicial par os fins de reinserción social.

En ambos os dous casos os beneficiarios están cumprindo unha medida xudicial imposta en aplicación da LORPM. No caso dos maiores de idade trátase dunha medida imposta pola comisión de feitos tipificados como delito cometidos cando eran menores de idade.

### **TERCEIRA. Obxectivos e actividades**

O obxectivo é facilitar a reinserción socio laboral dos menores que cumpren unha medida xudicial no centro de internamento Concepción Arenal e no CIEMA da Coruña, a través da Escola de Segunda Oportunidade da Fundación Labaca favorecendo a súa inclusión en actividades formativas, e a inserción socio laboral dos mozos/as externados/as dun centro de reeducación unha vez finalizado o internamento inician unha medida non privativa de liberdade, residan na cidade da Coruña e que non contan co soporte socio-familiar necesario.

Os obxetivos específicos da Escola de Segunda Oportunidade, da Fundación Labaca, son os seguintes:

- Desenvolver accións dirixidas á adquisición de habilidades para unha vida autónoma e saudable dos menores que rematan a súa medida xudicial de internamento nos centros de reeducación de Concepción Arenal ou no CIEMA da Coruña.
- Favorecer a inclusión social e a estabilidade dos xóvenes que están ou estiveron sometidos a medidas xudiciais na Comunidade autónoma de Galicia.
- Mellorar o nivel formativo e a capacitación profesional dos xóvenes sometidos a medidas xudiciais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Incentivar e fomentar unha educación cidadá e comunitaria nos xóvenes sometidos a medidas xudiciais na Comunidade Autónoma de Galicia.





- Promover a elaboración individualizada dun Proxecto Vocacional de Futuro para cada alumno/a da Escola de Segunda Oportunidade.
- Desenvolver accións que favorezan a implicación e o compromiso das empresas, as cales intervirán directamente nos itinerarios dos alumnos/as da Escola de Segunda Oportunidade.
- Favorecer o retorno a hábitos de vida que poden ser habituais no seu entorno familiar e nos grupos de amizade.
- Promocionar a propia emancipación e madurez cidadá dos xóvenes sometidos ó cumprimento de medidas xudiciais que participen na Escola de Segunda Oportunidade.
- Mellorar a porcentaxe de reinserción dos xóvenes sometidos a medidas xudiciais na Comunidade autónoma de Galicia, sendo a Escola de Segunda Oportunidade, unha ferramenta que evite o retorno ao cumprimento de medidas xudiciais ,tanto na vida como menores coma no seu futuro como persoas adultas.

Para a súa consecución, as actuacións que se compromete a levar a cabo a Fundación Labaca durante o período son:

a) Desenvolvemento dun programa de atención integral que se estenderá máis aló do tempo de cumprimento da medida de internamento procurando a inserción laboral e educativa dos mozos/as.

Cada un dos mozos/as terá un proxecto individual de acordo co seu perfil, necesidades e intereses. Impartiranse as aprendizaxes competenciais e de coñecemento, pero tamén se dará igual importancia á dimensión emocional e actitudinal para recuperar a autoestima dos mozos/as.

b) Promover as canles necesarias para que os mozos/as poidan continuar os proxectos pedagóxicos ou laborais ofrecendo un lugar onde residir desde a súa saída do centro de menores servindo este domicilio como centro de acollida e seguimento do menor durante o seu proceso de inserción.

#### **CUARTA. Compromisos da Consellería de Política Social.**

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:





1. Propoñer á fundación Labaca (a proposta da dirección do centro, previo acordo da comisión educativa) os menores/mozos/as que participarán nas actividades formativas.

2. Propoñer á Fundación Labaca a proposta da dirección do centro de reeducación no que se atopen os mozos/as, previa valoración da súa situación socio-familiar (levada a cabo polo/a traballador/a social e psicólogo/a do centro), a inclusión dos mesmos no programa, de cara a facilitar o tránsito á autonomía e á súa inserción laboral. Esta proposta levarase a cabo con carácter previo á saída dos mozos/as do centro, de xeito que cando finalice a medida de internamento estes contén co soporte necesario naqueles casos nos que o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

### **QUINTA. Compromisos da Fundación Labaca**

No desenvolvemento do programa a Fundación Labaca comprométese a levar a cabo os obxectivos e actividades sinalados na cláusula terceira e ademais a:

1. Designar un responsable da execución do programa, que levará a cabo as actuacións necesarias para o cumprimento do convenio.
2. Informar á Consellería de Política Social e aos centros Concepción Arenal e CIEMA da Coruña das altas e baixas no programa de aqueles mozos/as entre 16 e 25 anos beneficiarios do programa.

### **SEXTA. Medios persoais**

A entidade conta con un persoal coa categoría de educador que realizará unha avaliación previa dos mozos/as identificando en cada caso as súas necesidades e desenvolvendo un programa específico para promover a súa integración no ensino regrado, ou ben, de ser o caso, promover a súa integración laboral. O dito profesional non intervéñ na execución da medida xudicial.

### **QUINTA.- Condicións económicas**

A execución do presente convenio non conleva contraprestación económica entre ámbalas dúas partes.

### **SEXTA.- Información básica protección de datos persoais**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do





Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A Fundación Labaca será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro. Tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a realización do seu programa financiado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora Do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política





Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

### **SÉTIMA.-Publicidade**

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A Fundación Labaca terá a obriga de subministrarlle á Consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

### **OITAVA.-Comisión de Seguimento**

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta por dous representantes da Consellería de Política Social, dos cales un deles será nomeado presidente e dous representantes da Fundación Labaca, designados por cada unha das partes, así como os seus suplentes.

Actuará como secretario con voz pero sen voto, un/unha funcionario/ a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designado pola persoa que asume a presidencia, así coma a persoa que a supla.

A propia comisión acordará o seu calendario de sesións.

3. A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010,





de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **NOVENA.-Vixencia**

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

### **DÉCIMA.-Modificacións**

Cando xurdan circunstancias concretas, debidamente xustificadas, que alteren as condicións establecidas no convenio de colaboración, poderá formalizarse unha modificación ao convenio de colaboración que requirirá acordo unánime das partes, logo dos trámites legais esixidos. Dito acordo que inclúa tal modificación, deberá incluírse como addenda ao convenio.

### **DECIMO PRIMEIRA.-Causas de resolución.**

Serán causas de resolución de este convenio:

- a) O mutuo consentimento.
- b) A súa denuncia por unha das partes, formulada con tres meses de antelación á data na que deba producir efecto.
- c) A celebración dun novo convenio entre as partes que o substitúa.
- d) Calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Consecuencias do incumprimento**

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio será causa de resolución do mesmo.

A parte incumplidora no terá que indemnizar economicamente á outra parte por incumprimento das obrigas do convenio e pola súa resolución, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

### **DECIMO TERCEIRA.-Natureza xurídica e cuestións litixiosas.**

O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo , e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo disposto





nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para aclarar as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por duplicado, no lugar e data expresados.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

O XERENTE DA FUNDACIÓN LABACA

Fabiola García Martínez

Abraham Piñeiro Rodríguez

